

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 5 DE XUÑO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de xuño de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 29 de Maio do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.**

#### **LICENZAS OBRAS MAIORES.-**

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida.

Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

#### **EXPTE. Nº: 24/03/2003/1436-AC/457.**

**A COOPERATIVA VITIVINICOLA DO RIBEIRO S.C.G.,** con domicilio en Val de Pereira, deste termino municipal, para levar a cabo as obras de ampliación da Cooperativa Pazo Ribeiro e modificacións puntuais da fachada sita no devandito lugar, que se realizarán segundo o proxecto e anexos redactados pola enxeñeira Dona M<sup>a</sup> Eugenia Quintela Comesaña e demais documentación obrante no expediente..

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Ampliación da Coopertiva Pazo Ribeiro e modificacións puntuais da fachada.

**Contía na que se orzan as obras:** 1.706.670,18 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Val de Pereira.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** Dona María Eugenia Quintela Comesaña e Don Juan Carlos González Loeda.

**Nome ou razón social do promotor:** Cooperativa Vitivinicoa do Ribeiro.

**Prazos:** A validez e prazos de execución de execución desta licenza estarase o disposto no artigo 197 e ss. da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección de Medio.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento da obra, que ascende a 1.706.670,18 euros, practícase polo Interventor municipal a liquidación aos efectos do Imposto de construcións, instalacións e obras desta licenza, o cal importe ascende a 44.373,42 euros..Consta aboamento a conta de 15.479,18 euros con data 12-01-05.

**Outras condicións:** As obras executaranse con suxección a documentación técnica aportada e que consta no expediente. Unha vez rematadas as obras solicitar´qa licenza de apertura ou primeira utilización, aportado o correspondente certificado fin de obra.

### 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

#### CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL

“Visto o expediente instruído a instancia da **Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro**, con domicilio en Val de Pereira, deste termino municipal, no que solicita a regulamentaria licenza municipal para ampliación da Cooperativa Pazo Ribeiro no devandito inmoible, e

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 22 de maio de 2006, informa en sentido favorable, cualificando dita actividade como MOLESTA E INSALUBRE, informando favorablemente o proxecto da devandita actividade condicionado ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, e a normativa seguinte: a) á comprobación posterior, mediante certificación de medición de rúidos, na que se acredite o cumprimento da normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica; b) Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96 do 22-04-98); Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 2-09-97); Real Decreto 833/1988, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos; Orden M.A.M./304/2002, de 8 de febreiro pola que se publica as operacións de valoración e eliminación de residuos e lista europea de residuos (B.O.E. nº 43, de data 19-02-02); Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xerall de produtores e xestores de residuos de Galicia (D.O.G. nº 124, do 29-06-05); Decreto 208/2005, de 25 de febreiro, sobre aparatos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos; c) se xestionen axeitadamente os residuos urbanos tendo en conta a recollida selectiva de lixo; d) se xestionen adecuadamente os residuos de construción e/ou demolición; e) á aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona. Consta autorización autonómica previa outorgada pola Dirección Xeral de Urbanismo mediante Resolución de data 8 de outubro de 2003.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA** que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, **debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento**, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza e a alta no Imposto de Actividades Económicas, debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que

ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.”

#### CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

“Visto o expediente a nome de **Don Leandro Canitrot Rodríguez**, con domicilio na rúa Mérelles Caula nº 11, 1º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Mérelles Caula nº 11, 1º, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 1.454,61 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 1,454,61 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Don Alfonso Canitrot Rodríguez**, con domicilio na rúa Mérelles Caula nº 11, 2º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Mérelles Caula nº 11, 2º, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 1.912,50 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 1.912,50 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Don Eleuterio Canitrot Rodríguez**, na representación de Dona Otilia e Dolores Canitrot Rodríguez, con domicilio na rúa Mérelles Caula nº 11, 3º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Mérelles Caula nº 11,32º, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 2.640,67 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 2.640,67 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

#### ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado pola **Comunidade de Propietarios da Avda. de Redondela nº 23**, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa

concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Serafín Iglesias Meleiro**, con domicilio na avda.. de Redondela nº 28, 5ºH, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

#### **CEMITERIOS.-**

“Visto o escrito de Dona Josefa Vázquez Leboso, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Rosalia de Castro nº 6, 2ºB, no que interesa o cambio de titularidade da sepultura terrena nº 384T do cemiterio municipal que ata agora estaba a nome do seu esposo Don Guillermo Blanco Leboso, a prol de Don Antonio Cortizo Carballo e que no sucesivo se lle xiren os recibos correspondentes o seu nome, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, tendo en conta a autorización da herdeira, acorda acceder ó solicitado, polo que a partir de presente data a devandita sepultura xirará a nome de Don Antonio Cortizo Carballo, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Deputación Provincial de Ourense, remitindo certificación de acordo do pleno de data 6 de maio de 2006, sobre a prohibición do uso da lousa en determinados Concellos”

-“Do Servicio de Formación e Colocación en Ourense, sobre o procedemento que regula a homologación de especialidades formativas”.

-“Da Administración de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), escrito relativo o paso a nivel do km. 75/600 da liña Monforte-Vigo”.

-“Da Consellería de Cultura e Deportes, remitindo Circular sobre os Circuitos Culturais”.

“De Augas de Galicia, Informe sobre a E.D.A.R. de Ribadavia realizado pola Consultoria Adantia S.L.-ATC S.A.”.

“ Da Comandancia da de Ourense da Garda Civil, tabal de estadísticas de infraccións penais ocorridas na demarcación de Ribadavia, meses de abril 2006”-

- “Da Dirección Xeral de Patrimonio, notificación de acordo de incoación de expte. Sancionador a Dona Cándida Araujo Benítez., con motivo das obras de construción dunha vivenda no contorno de protección da igrexa de San Pedro de Sanín”.

-“Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Club Náutico Castrelo de Miño”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **ORDE DO 24 DE MARZO DE 2006 POLA QUE SE ESTABLECE AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA OS PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADOIRO E CASAS DE OFICIOS,DE OBRADOIROS DE EMPREGO E DE UNIDADES DE PROMOCION E DESENVOLVEMENTO NO AMBITO DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.-**

“ Tendo en conta o escrito da Delegación Provincial da Consellería de Traballo relativa a petición de Obradoiro de emprego adoptada na sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local de data 12 de abril de 2006 de data 25 de abril pasado (Rexistro de entrada núm.. 2007 de data 28 de maio), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda rectificar o acordo adoptado, quedando o mesmo do seguinte xeito:

Vista a Orde de 24 de Marzo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOGA nº 64, de 31 de marzo de 2006.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar a Memoria e Proxecto formativo de Obradoiro de emprego denominado “Labor-Avia” que se acha no expediente por importe de 907.941,82 euros e solicitar a devandita subvención a Consellería de Traballo.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada na mesma.

Terceiro.- Poñer a disposición os inmobles e terreos necesarios para levar a cabo as obras, tendo en conta que a escola unitaria de Francelos, Ponte de Francelos, área de acceso a rectoral de San Paio, Parque Robla, Vestiarios dos campos de fútbol do Ribadavia Atlético e Francelos e os marxenes do río Avia, son de titularidade municipal.

Cuarto.- O Concello de Ribadavia comprométese a aportar para completar o proxecto de Obradoiro de Emprego a cantidade de 160.963,43 euros.

Quinto.- Facultar o Sr. Alcalde para que asine os documentos precisos na xestión da correspondente subvención ante a Consellería de Traballo.

Sexto.- Comunicar o presente acordo a Conselleira de Traballo.

Sétimo.- Dar conta do presente acordo o Pleno da Corporación da primeira sesión que se celebre. ”

### **PROGRAMA ESTRATEXICO DE INFRAESTRUCTURAS NO MEDIO RURAL (PEIM RURAL) ANO 2006.-**

Ante a notificación efectuada pola Consellería de Medio Rural, de realizar con cargo ós seus orzamentos a obra de infraestrutura rural consistente no “Abastecemento e Saneamento en Francelos” a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a:

- Poñer a disposición da Consellería de Medio Rural, libre de cargas e gravames todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar adiante a mesma.
- Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.
- Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.
- Facultar ó Alcalde – Presidente para a sinatura do correspondente Convenio de colaboración”.

### **APROBACION DE PROXECTO.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o proxecto denominado “Abastecemento e saneamento en Francelos”, redactado polos Enxeñeiro agronomo Don Francisco Marin Muñoz e o Enxeñeiro Técnico Agrícola, Don Nicanor Payo Boo, por importe de 124.966,25 euros.

### **PETICION DE SUBVENCIONS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda participar na convocatoria realizada pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o abeiro da Orde do 27 de abril de 2006 pola que se establecen normas para concesión de axudas para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade co proxecto denominado “Ecolandía”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda participar na convocatoria realizada pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o abeiro da Orde do 27 de abril de 2006 pola que se establecen normas para concesión de axudas para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade co proxecto denominado “Avanzando sen esmagar ou polo desenvolvemento sostible”.

## **APROBACION DO PREGO DE CONDICIIONS PARA A PRESTACION DE SERVICIOS DEPORTIVOS DURANTE 2006/2007 NAS ACTIVIDADES FISICAS E DEPORTIVO-RECREATIVAS DE XIMNASIA RITMICA, AERÓBIC/FITTNES E ACTIVIDADES POLIDEPORTIVAS.**

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Prego de Condicións para a prestación de servizos deportivos durante 2006/2007 nas actividades físicas e deportivo-recreativas de Ximnasia rítmica, aeróbic/Fitness e actividades Polideportivas, que de seguido transcribese:

### **“PREGO DE CONDICIIONS PARA A PRESTACION DE SERVICIOS DEPORTIVOS DURANTE 2006/2007 NAS ACTIVIDADES FISICAS E DEPORTIVO-RECREATIVAS DE XIMNASIA RITMICA, AERÓBIC/FITTNES E ACTIVIDADES POLIDEPORTIVAS.**

1.- OBXETO.- O obxecto do presente contrato e a prestación de servizos de mestres para as actividades físicas e deportivo-recreativas de : aeróbic/fittnes, ximnasia rítmica e actividades polideportivas (Baloncesto, Balonmán, Fútbol-sala, Natación e Salvamento acuático), programadas polo Concello de Ribadavia através do Servizo Municipal de deportes, segundo se especifica no anexo I.

2º.- FORMA DE ADXUDICACION E CARACTER DO CONTRATO.- E o concurso por procedemento aberto, de acordo cós artigos 73, 74 e 196 do TRLCAP..

Dada a urxencia da contratación, os prazos de licitación reduciranse á metade, publicándose o anuncio de forma inmediata no taboleiro de anuncios do Concello, lugares de costume e no BOP.

Os adxudicatarios non adquirirán a condición de funcionario, nin a súa relación co Concello será laboral, enténdese este contrato a tódolos efectos como contrato administrativo de servizos.

3º.- DURACION DO CONTRATO.- Sera de acordo cas seguintes:

- Ximnasia Rítmica
- Dende o 1 de Outubro de 2006 ata o 30 de Maio de 2007

- Aeróbic/fitness
- Actividades polideportivas
- Dende o 1 de Setembro de 2006 ata o 30 de Xuño de 2007; ampliable ata o 30 de Agosto
- Dende o 1 de Outubro de 2006 ata o 15 de Setembro de 2007

4º.- PREZO DO CONTRATO.- Será a resultante das actividades realizadas o prezo que se determina no Anexo I, con un importe máximo de:

AEROBIC	12.900 Euros
XIMNASIA RITMICA	3.400 Euros
ACTIVIDADES POLIDEPORTIVAS	8.616 Euros

5º.- CONTIDO DO SERVICIO.- Quen resulte adxudicatario comprométese a realiza-los seguintes servicios:

- Mestres.- Atendendo ás directrices marcadas pola dirección do Servicio Municipal de Deportes, encargaráse das seguintes funcións.
- Presencia no lugar da actividade ó menos 15 minutos antes do comenzo das clases, no desempeño das funcións propias da especialidade: revisión da instalación, materiais, listados e resto das necesidades para o desenrolo normal da clase.
- Acudir as convocatorias de xuntanzas da comisión técnica, convocada pola dirección do Servizo Municipal de Deportes
- Elaboración da programación técnica segundo a especialidade.
- Recolleita de datos e documentación para o control dos alumnos.
- Estar ó día respecto ás disposicións relativas a normas e especificacións técnicas.
- Colaborar na elaboración de calendarios e confección de horarios coa dirección do Servicio Municipal de Deportes.
- Informar a quen corresponda das incidencias ocorridas durante o desenvolvemento das actividades.
- Traslado, custodia, bo uso e devolución do material que se lle facilite.
- Participar na organización de xornadas de promoción deportiva, que programe o Servicio Municipal de Deportes.

Quenes desempeñan esta función deberán reuni-los requisitos de idade e coñecementos mínimos exisidos polas Federacións respectivas ou Organismos competentes, segundo as persoas participantes en cada actividade.

6º.- FUNCIONAMENTO.- Con carácter xeral programaranse xuntanzas periódicas cos técnicos responsables do Servicio Municipal de Deportes para o seguimento, control e avaliación das actividades.

Os adxudicatarios dos servicios, fixarán en coordinación cá Dirección do Servicio Municipal de Deportes ás datas e horarios das clases, según o regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais (BOP, 7 de xaneiro de 1998).

7º.- RATIO ALUMNO-CLASE, NUMERO DE SESIONS SEMANAIS E DURACION

Establecerase de acordo co seguinte baremo:

MODALIDADE	RATIO ALUMNO/CLASE	NÚMERO SESIÓNS SEMANAIS	DURACIÓN SESIÓNS
Ximnasia Ritmica	15	2 sesións	1 hora
Aeróbic/fitnes	30	3 sesións	1 hora
Actividades polideportivas	15	2 sesións	1 hora

A ampliación de unha clase máis quedará supeditado a que o incremento do ratio alumno/clase sexa o seguinte:

MODALIDADE	INCREMENTO RATIO A./C.
Ximnasia ritmica	10 alumnos
Aerobic	10 alumnos
Actividades polideportivas	10 alumnos

- Aeróbic/fitnes e actividades polideportivas(1): no caso de que o obxecto do traballo non fose actividades dirixidas, estableceríase unha xornada laboral de unha duración mínima de 10 horas semanais e máxima de 30 horas semanais, de acordo cas necesidades do servizo.

8.- OBRIGAS DO CONTRATISTA. - Quen resulte adxudicatario do servizo, deberá contar co número e características de mestres necesarios para ás actividades previstas en cada xornada.

As actividades deberán estar sempre cubertas en calquera caso nos horarios que se especifican.

As persoas necesarias para a correcta realización do servizo dependerán exclusivamente do contratista, debendo cumprilos requisitos esixidos pola lexislación laboral, fiscal e asociativa vixente según a natureza xurídica do adxudicatario do servizo.

Tendo en conta as funcións a realizar, o adxudicatario coidará da boa presenza, e comportamento correcto cós participantes nas actividades deportivas.

O adxudicatario presentará relación de persoal mínimo necesario para o desenvolvemento das actividades, así como as altas e baixas que se produzan na vixencia do contrato.

O SMD poderá en calquera momento comprobar a identidade destas persoas, así como o cumprimento da lexislación e normativa que sea de aplicación, comunicando o contratista as anomalías e incidencias que se observan para a súa inmediata corrección.

9.- FACTURACION.- Os servicios efectivamente realizados durante cada mes natural presentaranse en factura por duplicado na intervención do Concello de Ribadavia.

- a) Os servicios non realizados por causa imputables ó Concello serán aboados ó 100%.
- b) O resto serán asumidos polo adxudicatario.
- c) Só se facturarán os traballos realizados por impartición das clases según se establece no punto 7º, e en ningún caso se facturará por asistencia a competicións, torneos, exhibicións, etc., nas que poda tomar parte a Escola Deportiva.

10.- REQUISITOS DOS OFERTANTES.- Poderán presentar oferta todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou entidades deportivas, capacitadas para a prestación do servicio.

A persoa, empresa, entidade ou asociación ofertante, deberá estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade a desenvolver, ou comprometerse a acreditarlo nun prazo de 10 días dende á adxudicación como requisito indispensable para iniciar o servicio.

O adxudicatario debera aportar o/os técnico/s ca cualificación que se especifica, valorandose prioritariamente a de maximo nivel:

- NIVEL SUPERIOR: Técnico superior ou equivalente (adestrador nacional)
- NIVEL ELEMENTAL: Técnico de base ou equivalente (monitor ou adestrador territorial)

11.- CAUSAS DE RESCISION.

- Deixacións das funcións definidas no punto quinto.
- Non cumpli-los prazos, omitir ou emprender accións que afecten o servicio ou perxudiquen a imaxen do Concello.
- Eludi-las inspeccións, non a porta-los documentos ou informacións que se lle requiran sobre o desenrrolo das actividades ou dos requisitos que debe cumprir os adxudicatarios respecto da lexislación vixente ou o presente pliego.

12.- PROPOSICIONS.- Os interesados deberán presentar a súa oferta no Concello de Ribadavia, dentro do prazo de trece días naturais a partir do seguinte día o da publicación do presente prego no BOP, no Rexistro Xeral do Concello de nove a catorce horas.

A oferta conterà:

- Declaración expresa de estar enterados e acepta-las condicións do presente prego.
- Prezo ofertado para realiza-lo servicio que poderá mante-lo prezo base ou o que estimen oportuno.
- Persoal, medios e experiencia en servicios similares.
- Calqueira outra documentación referencia ou memoria que permita unha mellor avaliación da oferta.

13.- PRAZO DA CONCESION.- O prazo de vixencia do presente contrato será o establecido na cláusula 3ª do presente prego, podéndose prorrogar de mutuo acordo por ambas partes, por outro periodo de igual ou inferior duración o inicial, ata un máximo de catro anos. A denuncia do mesmo debera formularse polas partes con unha antelación mínima de dous meses a data de finalización do mesmo.

14.- CRITERIOS DE ADXUDICACION.- Valoraránse os seguintes:

- Capacidade técnica, cualificación e experiencia. Ata 10 puntos.
- En caso de que houbera milloras dos servicios, estas tamén se avaliarán como criterio. Ata 5 puntos.
- Prezo ofertado respecto o prezo base que figura no anexo I. Ata 10 puntos.
- Haber prestado servicios con anterioridade no Ilmo. Concello de Ribadavia. Ata 10 puntos.
- Ser residente no Concello de Ribadavia. Ata 5 puntos (1 por ano de antigüedad).

15.- CRITERIOS DO ACTO DE LICITACION.- A apertura de plicas celebrárase na casa do Concello, ás doce horas do día seguinte hábil a aquel no que remate o prazo de presentación de proposicións tra-la constitución da mesa de contratación no día e hora sinalados baixo, a presidencia do Sr. Alcalde ou membro da Corporación ou persoa que o substitúa, que será quen dea fe do acto.

16.- NORMAS DO CONTRATO.- Para todo o que non este establecido no presente prego de condicións, estaráse ó disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas R.D. 2/2000 de 16 de xuño, no R.D.I. 781/1986, do 18 de abril, e demais normas concordantes e complementarias.

MODELO DE PROPOSICION:

D./Dna. ...con DNI(ou CIF) nº.... , con enderezo en ..., informado do anuncio e prego de condicións que rexen a contratación por procedemento aberto en trámite de urxencia da prestación dos servicios de profesores de Ximnasia Rítmica, Aerobic, Baloncesto, Balonmán

e Fútbol-sala das escolas municipais correspondentes, comprometome a presta-lo servicio de ...(Ximnasia Ritmica, Aerobic, Baloncesto, Balonmán ou Fútbol-sala) pola cantidade de ...(en letra e número) pts., impostos incluídos, e a tal efecto achego a documentación esixida.

Asemade, declaro baixo a miña persoal responsabilidade coñece-lo Prego de Condicións que rese esta contratación de servicios e tamén declaro non incompatibilidade para optar ó presente contrato.

#### ANEXO I

O prezo por hora estipulado , quedara supeditado o nivel de cualificación do técnico/os

	Nivel elemental	Máximo nivel
XIMNASIA RITMICA	24.04 Euros/hora	25,00 Euros /hora
AEROBIC	21.04 Euros/hora	22,00 Euros/hora
ACTIVIDADES POLIDEPORTIVAS	12.02 Euros/hora	13,00 Euros/hora
ACTIVIDADES ESTABLECIDAS XORNADA (1)	8 Euros/hora	9 Euros/hora

#### 6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.